



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo dtécnicos/as de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e posto pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo A - galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Para os efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o sinalado polo artigo 2 da devandita lei, cal das seguintes entidades non forma parte do sector público institucional?:

- a) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- b) As entidades que integran a Administración local.
- c) As universidades públicas.

2. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
- c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.

3. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes datos non está previsto que forme parte da información mínima que debe de constar nos asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos?:

- a) Período de tempo polo cal se outorga o poder.
- b) Obxecto do apoderamento.
- c) Data de inscrición.

4. De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:

- a) Co que figure en primeiro termo, en calquera caso.
- b) Co que decida discrecionalmente a Administración.
- c) Co representante ou co interesado que expresamente se sinalase.

5. O artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, imponlles ás administracións públicas a obriga de que asistan aos interesados no uso de medios electrónicos A quen en concreto?:

- a) Aos interesados que así o soliciten e que non están obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración.
- b) A todos os interesados nun procedemento administrativo.
- c) Unicamente a aqueles interesados que, pola súa falta de formación, o necesiten.

6. Un dos dereitos recoñecidos ás persoas nas súas relacións coas administracións públicas no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas é o de:

- a) A protección de datos de carácter confidencial e, en particular, a seguridade e custodia dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.
- b) A protección de datos de carácter persoal e, en particular, a integridade e autenticidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.
- c) A protección de datos de carácter persoal e, en particular, a seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.

7. O artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas relaciona os suxeitos que, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Entre eles figura un dos seguintes, indíquese cal:

- a) As persoas físicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que non se requira colexiación obrigatoria.

8. Respecto dos documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, sinala o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Requiren de sinatura electrónica.
- b) Será necesario identificar a súa orixe.
- c) Será necesario identificar o seu destino.

9. Á luz da enumeración realizada polo artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes actos non se prevé como un dos que deberá de ser motivado con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito?:

- a) Os actos que resolvan procedementos de arbitraje.
- b) Os acordos de aplicación da tramitación simplificada dun procedemento.
- c) Os acordos de adopción de medidas provisionais.

10. En virtude do principio de executividade recollido no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán executivos conforme ao disposto nesta lei os actos das administracións públicas:

- a) Ditados nos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- b) Ditados nos procedementos disciplinarios.
- c) Suxeitos ao dereito administrativo.

11. Cando unha Administración pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración pública distinta e aquela entenda que é ilegal (artigo 39 da LPAC):

- a) Poderá apartarse do sentido deste sen ter que motivar o seu propio acto.
- b) Poderá requirir a esta previamente para que anule ou revise o acto.
- c) Declararao lesivo para o interese público tras a impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

12. A teor do artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son anulables os actos da Administración:

- a) Que lesionen dereitos susceptibles de amparo constitucional.
- b) Que incorran en desviación de poder.
- c) Que teñan un contido imposible.

13. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de (artigo 50 de LPAC):

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados.

14. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.

15. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando pola finalización do procedemento administrativo naza unha obrigaón de pago derivada dunha sanción pecuniaria, esta efectuarase preferentemente, salvo que se xustifique a imposibilidade de facelo:

- a) Utilizando unha tarxeta de crédito e débito.
- b) Utilizando un cheque persoal.
- c) Utilizando o pago en especie.

16. De acordo co sinalado polo artigo 99 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese cal das seguintes afirmacións é correcta en relación á execución forzosa:

- a) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, procederán, con apercibimento previo, á execución forzosa dos seus actos.
- b) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder, con apercibimento previo, á execución forzosa dos actos administrativos.
- c) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder á execución forzosa dos actos administrativos.

17. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:

- a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
- b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
- c) O procedemento administrativo común.

18. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen a consideración de administracións públicas:

- a) As administracións das comunidades autónomas.
- b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- c) As universidades privadas.

19. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno:

- a) Ás políticas públicas.
- b) Aos cidadáns.
- c) Á constitución, á lei e ao dereito.

20. Conforme ao disposto no artigo 7 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a Administración consultiva poderá articularse mediante órganos específicos dotados de:

- a) Dependencia orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- b) Autonomía orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- c) Dependencia orgánica con respecto á Administración activa.

21. Conforme ao disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia:

- a) Salvo os casos de delegación de sinatura.
- b) Salvo os casos de delegación ou avocación.
- c) Salvo os casos de encomenda de xestión.

22. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra o acordo de avocación:

- a) Non caberá recurso.
- b) Interporase recurso de reposición.
- c) Interporase recurso de alzada.

23. Conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o obxecto da encomenda de xestión será:

- a) A realización de actividades de carácter material ou técnico.
- b) A delegación de sinatura.

- c) Suplir temporalmente os titulares dos órganos administrativos nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade.

24. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente:

- a) E deberá notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- b) Non é necesario notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- c) O órgano administrativo decidirá en cada caso se notifica ou non.

25. Conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo:

- a) En canto favorezan o presunto infractor ou o infractor.
- b) En canto prexudiquen o presunto infractor ou o infractor.
- c) As disposicións sancionadoras en ningún caso producirán efecto retroactivo.

26. Conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o principio de tipicidade da potestade sancionadora establece que:

- a) Constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por un regulamento.
- b) Só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha lei.
- c) O principio de tipicidade non se aplica á potestade sancionadora.

27. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.

28. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o dereito dos particulares a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, encádrase dentro do principio de:

- a) Proporcionalidade.
- b) Responsabilidade.
- c) Tipicidade.

29. Conforme ao disposto no artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en determinados supostos de actuación conxunta de varias administracións, a distribución da

responsabilidade entre as diferentes administracións públicas poderase determinar:

- a) No instrumento xurídico regulador da actuación.
- b) Nunha lei do Parlamento.
- c) A responsabilidade será mancomunada en todo caso.

30. Conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideron prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles:

- a) Serán indemnizables en todo caso.
- b) Serán indemnizables se así se establece na resolución que se dite en cada procedemento.
- c) Non serán indemnizables.

31. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, segundo dispón o artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a indemnización procedente, cando resulte máis adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado:

- a) Poderase substituír por unha compensación en especie, pero non poderá ser aboada mediante pagos periódicos.
- b) Poderá ser aboada mediante pagos periódicos, pero non se poderá substituír por unha compensación en especie.
- c) Poderase substituír por unha compensación en especie ou ser aboada mediante pagos periódicos.

32. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no procedemento para a esixencia da responsabilidade ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas constará, polo menos, un prazo de alegacións por:

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.

33. De conformidade co establecido no artigo 1.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, esta lei ten como obxecto regular:

- a) O modelo de administración no sector público estatal, autonómico e local.
- b) O modelo de administración no sector público autonómico.
- c) O modelo de administración no sector privado e público autonómico.

34. De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a dita lei será de aplicación:

- a) Á cidadanía nas súas relacións con calquera administración pública.
- b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia.

- c) Á cidadanía nas súas relacións co sector privado e público autonómico de Galicia.

35. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un fin da dita lei:

- a) A modernización do sector privado e público autonómico.
- b) O fomento do uso das tecnoloxías da información.
- c) O impulso do uso da identificación electrónica.

36. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un principio xeral de actuación:

- a) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación.
- b) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, sistemas e información cos de outras administracións públicas e o sector privado.
- c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica.

37. De conformidade co establecido no artigo 5.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, o emprego de procedementos administrativos electrónicos ou dixitais:

- a) Non implicará a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos .
- b) Poderá implicar a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.
- c) Non implicará a eliminación pero si a redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.

38. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, en relación co acceso aos servizos públicos dixitais, sinale a resposta incorrecta:

- a) A administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público de Galicia promoverán as medidas necesarias para que a cidadanía teña acceso á provisión dos medios de identificación e sinatura electrónicas.
- b) Porán a dispor nos edificios privados e administrativos os medios de acceso para a utilización dos servizos públicos dixitais.
- c) Facilitarán o uso das canles de acceso aos servizos públicos dixitais e establecerán canles de atención e axuda para o uso adecuado dos mesmos, así como preverán os mecanismos para a continuidade dos servizos públicos en caso de indispoñibilidades tecnolóxicas.

39. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica:

- a) Ao persoal funcionario de carreira e laboral fixo exclusivamente.
- b) Ao persoal empregado público.
- c) Ao persoal funcionario de carreira, laboral fixo e ao persoal eventual exclusivamente.

40. De conformidade co establecido no artigo 74.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público:

- a) Dunha tarxeta de identificación corporativa.
- b) Dunha tarxeta de acreditación persoal.
- c) Dunha tarxeta de acreditación funcional.

41. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a potestade de autoorganización é aquela que:

- a) Faculta a Administración xeral do Estado para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Faculta a Consellería de Presidencia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

42. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da citada lei non se basea nun dos seguintes principios:

- a) Desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos.
- b) Igualdade na atribución, ordenación e desempeño das funcións e tarefas.
- c) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

43. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

44. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- a) En ningún caso é aplicable a este tipo de persoal.
- b) Agás no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Agás no relativo ao seu réxime disciplinario.

45. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.

- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.

46. Cal dos seguintes tipos de empregados non figura recollido na clasificación do artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Persoal funcionario interino.
- b) Persoal laboral indefinido.
- c) Persoal eventual.

47. O resultado da avaliación pola xestión do persoal directivo recollida no artigo 35 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, determinará entre outros:

- a) A progresión na carreira directiva profesional.
- b) A progresión na carreira profesional.
- c) A progresión na carreira directiva vertical.

48. Cal dos seguintes non é un dos requisitos xerais para participar nos procesos selectivos de acceso ao emprego público recollidos no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder dos 65 anos.
- b) No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

49. Segundo o artigo 2.1.g) da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a presente lei será de aplicación a:

- a) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 70 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.
- b) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.
- c) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 60 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.

50. De acordo co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos nesta para as funcións:

- a) Sanitaria e militar.
- b) Docente e militar.
- c) Docente e sanitaria.

51. De conformidade co artigo 4.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, poderá autorizarse a compatibilidade, logo de cumpridas as restantes esixencias desta lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación:

- a) Non superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- b) Non superior á de tempo completo e con duración determinada.
- c) Non superior á de tempo parcial e con duración indefinida.

52. De conformidade co artigo 5.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

- a) Membros do Congreso dos Deputados.
- b) Membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas.
- c) Membros do Senado.

53. De acordo co artigo 7.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de:

- a) Director xeral.
- b) Ministro.
- c) Secretario de Estado.

54. De conformidade co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non se poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno a que se refire o apartado anterior, salvo que se autorice excepcionalmente para supostos concretos mediante:

- a) Lei.
- b) Real decreto do Goberno.
- c) Acordo do Goberno.

55. Segundo o artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a quen lle corresponde facer a proposta de autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público?:

- a) Ao Ministerio da Presidencia.
- b) Á subsecretaría do departamento correspondente.
- c) Á dirección xeral correspondente.

56. Quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que, conforme á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, resulte compatible co que viñese desempeñando, deberá instar a autorización de compatibilidade (artigo 10 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Nos vinte primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Nos dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

57. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por accesibilidade universal:

- a) A condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- b) O principio en virtude do cal a sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, de xeito que se permita que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e os recursos necesarios.
- c) A adaptación necesaria e adecuada do ambiente físico, social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida.

58. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a acreditación do grao de discapacidade:

- a) Realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.
- b) Realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez no territorio da comunidade autónoma.
- c) Realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e especificará as medidas de acción positiva que resulten de aplicación.

59. En base ao artigo 5 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas específicas para garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal aplicaranse, ademais de aos dereitos regulados no título I, a:

- a) A educación.
- b) A protección da saúde.
- c) A Administración de xustiza.

60. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos

das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:

- a) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde sexual e reprodutiva.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, con especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva.
- c) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde mental.

61. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:

- a) Articularase a través de plans cuxa elaboración corresponde ás entidades locais.
- b) Constitúe un dereito das persoas con discapacidade.
- c) Constitúe un dereito e un deber de todo cidadán e da sociedade no seu conxunto.

62. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as cualificacións e valoracións dos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade responderán a criterios técnicos unificados, baseados na evidencia dispoñible e:

- a) Terán validez ante calquera organismo público e en todo o territorio do Estado.
- b) Terán validez en todo o territorio da Unión Europea.
- c) Terán validez ante calquera organismo público no ámbito da Administración competente.

63. De acordo co artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade na súa etapa educativa terán dereito:

- a) A unha educación de calidade, con preferencia en centros especiais.
- b) A unha educación inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais.
- c) Á gratuidade do ensino, cando este se desenvolva nos centros especiais.

64. En base ao artigo 19 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade, na súa etapa educativa, terán dereito:

- a) Á gratuidade do ensino nos centros especiais e ao apoio á escolarización nos centros ordinarios, sen que se poidan establecer garantías adicionais.

- b) Á gratuidade do ensino nos centros ordinarios e nos centros especiais, de acordo co que dispoñen a Constitución e as leis que a desenvolven.
- c) Á gratuidade do ensino nos centros especiais e ás axudas que se establezan para o ensino en centros ordinarios.

65. De conformidade co establecido no artigo 4.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a imposición de multas coercitivas:

- a) O seu importe será de 100 a 1.000 euros mensuais e non poderá exceder do 5 % do importe do contrato ou subvención.
- b) O seu importe será de 1.000 a 10.000 euros mensuais e non poderá exceder do 5 % do importe do contrato ou subvención ou, se é o caso, de 3.000 euros.
- c) O seu importe será de 100 a 1.000 euros mensuais e non poderá exceder do 10 % do importe do contrato ou subvención ou, se é o caso, de 30.000 euros.

66. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o fomento da cultura da transparencia:

- a) A Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
- b) A Xunta de Galicia fará público anualmente no seu Portal electrónico un informe aprobado pola Comisión de Información e Avaliación.
- c) A Xunta de Galicia fará público semestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.

67. De conformidade co establecido no artigo 6.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a publicidade activa:

- a) Cando a información conteña datos de carácter persoal, non se poderán publicar.
- b) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo coa disociación previa destes.
- c) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, non se poderán publicar.

68. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén se publicará:

- a) A localización das unidades administrativas e horario de atención ao público e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.
- b) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público, o plan estratéxico ou de goberno e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.

- c) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público.

69. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información:

- a) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato.
- b) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato e as súas condicións de acceso e de utilización.
- c) O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos e as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización.

70. De conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública, garántese:

- a) A posibilidade de utilización da información obtida tras a autorización e a recepción da información pública en formato electrónico ou en papel.
- b) A posibilidade de utilización da información obtida sen autorización e a recepción da información privada en formato electrónico ou en papel.
- c) A posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e a recepción da información pública en formato electrónico ou en papel.

71. De conformidade co establecido no artigo 25.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) As limitacións ao dereito de acceso serán de aplicación durante un tempo predeterminado polas resolucións que acordan o acceso e mentres se manteña a razón que as xustifique.
- b) As limitacións ao dereito de acceso fixarán a súa duración e, en todo caso, ata que se solicite novamente o acceso.
- c) As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.

72. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- b) A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- c) A persoa solicitante poderá ser requirida para que motive a súa solicitude de acceso á información.

73. Conforme ao disposto no artigo 4 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, denomínanse accións positivas:

- a) As medidas destinadas á integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas públicas.
- b) A colaboración en materia de xénero entre os diversos órganos integrados na Administración xeral da comunidade autónoma.
- c) As medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

74. Conforme ao disposto no artigo 5 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación considérase:

- a) Un criterio de actuación da Xunta de Galicia.
- b) Unha función da Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) Unha función do Consello Galego das Mulleres.

75. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade a elaboración de estudos, informes ou consultas no ámbito de emprego das relacións laborais que lle sexan solicitados pola Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, é unha función de:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

76. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais corresponderalle a:

- a) O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).
- b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

77. Segundo o disposto no artigo 8 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado por:

- a) A Dirección Xeral da Función Pública.
- b) O órgano competente en materia de igualdade.
- c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.

78. Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia no seu ámbito de competencias promoverá e levará a cabo accións dirixidas a conseguir os seguintes obxectivos, en relación coa información, asesoramento e orientación para as mulleres:

- a) Erradicación, en todas as formas de expresión oral ou escrita, do uso sexista da linguaxe no campo institucional.
- b) Garantir o uso non sexista da linguaxe.
- c) Garantir o funcionamento de centros e servizos de información e asesoramento ás mulleres en número e dotacións suficientes.

79. Segundo o disposto no artigo 12 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia erradicará o uso sexista da linguaxe no campo institucional, tanto fronte á cidadanía coma nas comunicacións internas:

- a) En todas as formas de expresión oral ou escrita.
- b) Nos medios de prensa escritos, unicamente.
- c) Na radio e televisión autonómicas, unicamente.

80. Conforme ao disposto no artigo 47 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no acceso ao emprego público galego analizarase se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino:

- a) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público.
- b) Con anterioridade á convocatoria do proceso selectivo.
- c) Unha vez finalizado o proceso selectivo.

PREGUNTAS DE RESERVA

81. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados no caso de presentación a través do rexistro electrónico, os días que se considerarán inhábiles determinaraos (artigo 31 da LPAC):

- a) A sede electrónica do rexistro de cada Administración pública ou organismo.
- b) Cada Administración pública ou organismo.
- c) O rexistro xeral de cada Administración pública ou organismo.

82. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Salvo precepto en contrario.
- b) Que non exceda en ningún caso de dez días.
- c) Unicamente a petición dos interesados.

83. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes:

- a) En ningún caso.
- b) Só se se delimitan claramente as súas funcións e competencias.
- c) Se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxo debidamente a competencia dos xa existentes.

84. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante:

- a) Regulamentos.
- b) Instrucións e ordes de servizo.
- c) Verbalmente.

85. Segundo o artigo 1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico da función pública galega e:

- a) A determinación das normas aplicables a todo o persoal ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- b) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario e laboral fixo ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- c) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario de carreira e laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.